

EXPEDIENTE: 9126 / 446

TIPO EXPTE: CONTRATO MENOR SUBMINISTROS

## OFERTA CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO

## ANUNCIO

**Entidade adxudicadora:** Concello de Vigo.**Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Montes, Parques e Xardíns

## OBJECTO DO CONTRATO:

O presente anuncio ten como finalidade a formalización dun contrato, a través do réxime de contrato menor de subministros para adquisición de porterías, canastras e redes, de conformidade co disposto na resolución do Concelleiro Delegado do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, a proposta do Servizo, de data 8 de novembro de 2016.

## NECESIDADES:

As necesidades do servizo son o subministro de porterías, canastras e redes.

## CONDICIÓNS DO CONTRATO:

- Prazo de entrega do subministro que deberá ser de **10** días, dende a data da súa adxudicación que será comunicada á entidade adxudicataria a través de correo electrónico.
- A calidade dos produtos subministrados deberá ser a óptima, sen menoscabo ningún por causa do seu transporte ou manipulación previa á súa entrega.

## PRESENTACIÓN OFERTAS:

1. A presentación de ofertas realizarase nos seguintes prazos e términos:

**A/ Prazo ou data límite de presentación:** establecese en **5 días naturais** dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no perfil do contratante da web municipal ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)): ata o 21 de novembro de 2016 (inclusive). As ofertas que, na data de finalización deste prazo, non tivesen entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo quedarán excluídas.

**B/ Lugar:** A documentación entregarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Casa do Concello de Vigo, Praza do Rei, s/n 36202 Vigo) en horario de 9 a 13,30 horas os días laborais e de 9 a 13 horas os sábados. O interesado terá dereito a obter, como acreditación da presentación, recibo no que constará o seu nome, a denominación do obxecto do contrato e o día e hora da presentación. Non será admitida a documentación se é recibida no Rexistro Xeral deste Concello con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio.

As proposicións poderán ser presentadas tamén por calquera outro dos medios sinalados no art. 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, Reguladora do Réxime Xurídico das



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 11/11/2016 12:13

Páxina 1 de 8

Expediente 9126/446

Código de verificación: 2DE84-3A5CE-EAAEA-B5E2E

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Non obstante, se a documentación non tivese entrada no Concello con anterioridade ao día fixado neste anuncio para a apertura das ofertas, esta non será admitida en ningún caso.

#### CRITERIO PARA A ADXUDICACIÓN:

- O menor prezo ofertado, que deberá ser **prezo por unidade** especificando: porterías (con rede incluída); taboleiro de poliéster; aros macizos (con rede incluída); canastras de baloncesto (con rede incluída) e rede deportiva (prezo por metro cuadrado). O prezo debe incluír o IVE.

#### DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA OFERTA:

O interesado deberá presentar un único sobre pechado, preferentemente lacrado e precintado ou co selo da empresa. **No seu exterior constará como mínimo os seguintes datos:**

- Deberá indicar "proposición económica", número de expediente e título do expediente ao que concorra.
- Os datos seguintes do interesado: datos fiscais do interesado, teléfono, fax, correo electrónico, persoa de contacto.

#### O sobre deberá conter a seguinte documentación:

- Declaración responsable consonte ao modelo adxunto a este anuncio (Anexo I).
- Oferta económica de acordo co modelo adxunto a este anuncio (Anexo II).

En ningún caso poderá presentarse máis dunha oferta, aínda que se faga mediante sistemas distintos. A presentación de varias ofertas implicará a non admisión do interesado no procedemento de referencia.

**OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN:** [www.vigo.org](http://www.vigo.org) (perfil do contratante). Departamento de Montes, Parques e Xardíns do Concello de Vigo. Pza. do Rei s/n. 36202 Vigo, 2º andar, teléfono 986-810306, fax 986-229707, correo electrónico: [ofi.xardins@vigo.org](mailto:ofi.xardins@vigo.org). Data límite para solicitar documentación: ata o día de finalización do prazo de presentación de ofertas. **Dirección de internet do perfil do contratante:** [www.vigo.org](http://www.vigo.org) (perfil do contratante).

#### APERTURA DE OFERTAS:

Os sobres abriranse en sesión pública, nas dependencias do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o terceiro día hábil posterior ao remate do prazo de presentación de ofertas, ás 10.00h. A efectos da apertura dos sobres, o sábado non se considerará hábil. Polo tanto, establécese como data de apertura das ofertas o **24 de novembro de 2016, ás 11.00h.**

#### DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO CONTRATISTA NO CASO DE RESULTAR SELECCIONADO:

##### a) Documentos acreditativos da personalidade xurídica:

- Os empresarios individuais: copia do DNI.
- Os empresarios persoas xurídicas: a escritura, ou os documentos en que conste a constitución da entidade, e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 11/11/2016 12:13

Páxina 2 de 8

Expediente 9126/446

Código de verificación: 2DE84-3A5CE-EAAEA-B5E2E

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

- Documentos acreditativos da representación: cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor do que ou dos que subscriban a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade do apoderado ou dos apoderados.
- Certificados que acrediten que está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ó Estado, Comunidade Autónoma e fronte a Tesourería da Seguridade Social que impoñen as disposicións vixentes: non será necesario achegar certificado de estar ó corrente das obrigas tributarias fronte ó Concello de Vigo, por canto será solicitado de oficio polo servizo xestor á Tesourería Municipal.
- Os interesados que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Economía e Facenda, están exentos de presentar a documentación que obre nos mesmos sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentarse acreditación da inscrición no correspondente rexistro actualizada á data da finalización do prazo de presentación de ofertas.

De non achegar a citada documentación **no prazo de tres días hábiles** como máximo, contados a partir do seguinte ao da notificación do requirimento, entenderase que renuncia ao contrato, en cuxo caso, o contrato adxudicárase ao seguinte participante que tivese feito a seguinte mellor oferta e aporte no mesmo prazo a documentación esixida. Tamén, se o seleccionado renunciase por calquera motivo ao contrato, será substituído polo seguinte da lista.

#### CAUSAS DE RESCISIÓN DO CONTRATO:

De conformidade co disposto no artigo 223 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Públicos (TRLCSP), será causa de resolución do contrato:

- A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.
- O incumprimento das restantes obrigas contractuais esenciais establecidas no contrato, tales como:
  - Deficiencia na calidade dos produtos subministrados.
  - Entrega do subministro nunha ubicación diferente á sinalada polo Concello.
  - Subministrar produtos distintos aos solicitados.

O incumprimento das condicións do contrato será causa de rescisión do mesmo, previo informe motivado dun técnico responsable do Servizo de Montes, Parques e Xardíns.

#### CLÁUSULAS PARTICULARES:

- O subministro deberá ser realizado nos prazos establecidos no contrato e coas instrucións e/ou modificacións que ditamine o Servizo de Montes, Parques e Xardíns.
- Os materiais subministrados deberán ser depositados no lugar indicado polo Concello en perfecto estado de calidade, sen menoscabo ningún por causa do seu transporte ou manipulación previa á súa entrega.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 11/11/2016 12:13

Páxina 3 de 8

Expediente 9126/446

Código de verificación: 2DE84-3A5CE-EAAEA-B5E2E

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CLÁUSULAS XERAIS:**

- Non poderán concorrer empresas que teñan débedas coa Administración ou teñan abertos expedientes sancionadores ou expedientes iniciados pola mala prestación dos servizos nesta Administración municipal.
- Réxime de pagamento: Pagos mediante certificación dos traballos executados.
- As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.
- Os códigos solicitados pola plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado -ao que encóntrase adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

Oficina contable: GE0000575 SERVICIOS ECONÓMICOS/INTERVENCIÓN.

Órgano xestor: L01360577 CONCELLO DE VIGO.

Unidade tramitadora: GE0000625 MONTES, PARQUES E XARDÍNS.



## MEMORIA TÉCNICA

## CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO PARA A ADQUISIÓN DE PORTERÍAS, CANASTRAS E REDES

Ante a necesidade de manter as instalacións deportivas da cidade en óptimo estado de uso, este Servizo de Montes, Parques e Xardíns precisa o subministro de porterías, canastras e redes, co fin de ir repoñendo estes elementos que, debido a ampla actividade deportiva que soportan, teñen unha gran incidencia de desperfectos e deterioro. As características técnicas requiridas son as seguintes:

Dimensións Porterías:

- Postes e largueiro realizados en tubo metálico **de 80 x 80 x 3 mm** dunha soa peza.
- **1,08 m** na súa base e **1,00 m** na súa parte superior.



Material de aluminio con rede incluída.

Dimensións tableiros:

- Medidas regulamentarias.

Material de poliéster, con rede incluída.

Aros:

- Aros macizos reforzados con rede incluída.

Dimensións canastra baloncesto:

- Altura: **4,6 metros.**
- Voo: **1,65 metros.**

Antivandálica, galvanizada, con rede incluída.

**As redes** deberán ser de 3mm, mallas de rede cadrada, 100 x 100mm, cun oco máximo entre filamentos horizontais e verticais de 10 cm.

As porterías, canastras e redes deberán ser depositados no Parque Central do Concello de Vigo.

O contrato recolle que os gastos de transporte do subministro ao lugar indicado polo Concello correrán a cargo de empresa contratada.

GMC/icg

Vigo, na data da sinatura dixital

O Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns,  
Asdo.- Gilberto Moldes Crespo



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 11/11/2016 12:13

Páxina 5 de 8

Expediente 9126/446

Código de verificación: 2DE84-3A5CE-EAAEA-B5E2E

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

ANEXO I  
DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona ....., con N.I.F. nº ..... e con enderezo en .....

(No caso de ser persoa xurídica):

En representación da empresa ....., con C.I.F. nº ....., constituída .....

(facer referencia á escritura). Acreditando a súa representación a través de poder outorgado ante o Notario, D. ...., con data ....., baixo o número ..... do seu protocolo.

DECLARA baixo xuramento que os datos aportados nesta declaración son exactos:

1. Que coñece o contido do anuncio publicado na páxina Web municipal para contratación do subministro de ....., e que o acepta incondicionalmente.
2. Que a empresa ....., á que represento, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar para contratar co sector público, esixidos nos artigos 54, 57 e 72 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
3. Que a empresa á que represento, non incorre en ningunha das prohibicións para contratar sinaladas no artigo 60 do TRLCSP.
4. Que a mercantil, ....., ten un obxecto social ou ámbito de actividade no que está comprendido inequivocamente o obxecto do presente contrato, sendo o mesmo ..... (reproducir o obxecto) segundo consta nos estatutos da empresa, de data ....., debidamente inscritos no Rexistro Mercantil.
5. Que a mercantil, ....., atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ó Estado, Comunidade autónoma e Concello de Vigo e fronte á Tesourería da Seguridade Social que impoñen as disposicións vixentes.
6. Que a mercantil, ....., atópase ao corrente no pago de salarios e Seguridade Social dos traballadores da súa plantilla.
7. No suposto de que a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación, se acrediten mediante a certificación dun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas, o licitador manifesta que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación dende que a mesma foi expedida.
8. Que a mercantil, ....., está en posesión da habilitación profesional que se esixe no anuncio.
9. Que a mercantil, ....., (si/non) pertence a un grupo de empresas. En caso afirmativo, se relacionarán as outras empresas do grupo que participan na presente licitación.
10. No suposto de que na memoria valorada/proxecto se esixan medios persoais ou materiais, declara o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais que na mesma se contemplan.
11. Que a mercantil, ....., acepta o correo electrónico como medio de notificación das actuacións que resulten do presente expediente. A estes efectos, sinala como dirección de correo electrónico a seguinte .....
12. Que a mercantil, ....., manifesta non ter expedientes sancionadores ou expedientes iniciados pola mala prestación dos servizos nesta Administración municipal.

En ....., a .....de .....de .....



**SERVIZO DE MONTES,  
PARQUES E XARDÍNS**

**CONCELLERÍA  
DE  
PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO,  
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E  
DISTRITOS**

**CONCELLO  
DE VIGO**



**Selo e Sinatura**

ASINADO POR: Xefe Montes Parques E Xardíns (Giberto Moldes Crespo) 2016-11-11T11:10:58+01:00 -

**Documento asinado**



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 11/11/2016 12:13

Páxina 7 de 8

Expediente 9126/446

Código de verificación: 2DE84-3A5CE-EAAEA-B5E2E

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



## ANEXO II

### MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Don/Dona ....., con N.I.F. nº ....., en nome propio (ou en representación de .....), informado da licitación para a contratación do subministro de ..... Nº expte: ..... manifesta:

Que acepta e coñece as condicións técnicas da memoria valorada/proxecto que define o obxecto deste contrato, así como as condicións administrativas que rexen a presente contratación.

1.- Que propón como prezo **sen IVE** do contrato o de ..... euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de ..... euros, o que supón un prezo total do contrato de ..... euros (**IVE incluído**).

2.- Que propón unha redución no prazo de entrega dos produtos subministrados de ..... días hábiles, o que supón a entrega do subministro en ..... días hábiles dende a adxudicación.

3.- Outros:

En ....., a ..... de ..... de .....

Selo e Sinatura

